

BANDO

MEDIDAS MUNICIPAIS DE PREVENCIÓN CONTRA O COVID-19

Con data 13 de marzo, a Alcalde, dictou Resolución, na que se acordan unha serie de medidas de prevención ante a situación do COVID-19:

PRIMEIRO.- Suspender temporalmente a prestación do servizo de axuda no fogar polo periodo de 14 días naturais dende o 16/03/2020, agás aqueles usuarios considerados polos servizos sociais municipais de extrema necesidade.

SEGUNDO.- Suspender o servizo de biblioteca municipal, que permanecerá pechada durante o periodo de suspensión de 14 días naturais.

TERCEIRO.- Suspender o uso das instalacións e edificios municipais sen que se poda autorizar a súa cesión ou apertura, así como calesquera actos e actividades programadas en espazos alleos ao Concello nos que este figure como organizador ou coorganizador.

CUARTO.- Como medida extraordinaria para favorecer o distanciamento social e evitar a concentración de persoas nos lugares públicos, así como facilitar a conciliación da vida familiar e laboral do persoal municipal en atención nas dependencias municipais, este persoal poderá realizar a súa actividade laboral mediante o sistema de teletraballo.

A atención ao público nas dependencias municipais limitarase a casos de extrema necesidade. Os trámites que se teñan que realizar serán realizados vía telemática ou telefónica:

Servizos xerais: 986497035

Incidencias: 620939435

O acceso telemático será realizado a través da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén na dirección <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info>.

QUINTO.- Formular as seguintes **recomendacións**:

- Recoméndase as asociacións e entidades municipais que eviten aglomeracións durante os vindeiros 14 días naturais
- Recoméndase a veciñanza que, de non ter acceso a xel hidroalcolico para limpeza das mans, as lave con auga quente e xabón.
- Recoméndase non realizar visitas nin a residencias de maiores, nin hospitais seguindo as directrices da Xunta de Galicia, a excepción dos casos de extrema necesidade.
- Recoméndase evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles.
- Recoméndase seguir as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade, e en caso de ter algun síntoma contactar co 061 ou co teléfono de información a cidadanía 900.400.116

SEXTO.- As medidas adoptadas poderán ser obxecto de prórroga ou ampliación en función da evolución da situación e das directrices que marquen as autoridades nacionais e autonómicas

O Alcalde. Andrés Iglesias Rodríguez
(Documento asinado electronicamente)

